



**XUNTA  
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

IES PLURILINGÜE  
**ROSALÍA DE CASTRO**  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

88 186 65 56 88 186 65 67  
Correo: [ies.rosalia.castro@edu.xunta.es](mailto:ies.rosalia.castro@edu.xunta.es)  
[www.iesrosalia.net](http://www.iesrosalia.net)



## **IES PLURILINGÜE ROSALÍA DE CASTRO** **SANTIAGO DE COMPOSTELA**

# **PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL** **CURSO 2020/2021**



## PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

A Programación Xeral Anual é un instrumento de planificación das actividades dun curso escolar. A súa función é a de garantir a actuación coordinada de tódolas estruturas organizativas e dos equipos de coordinación docente, proporcionar a participación e colaboración de tódolos sectores da comunidade educativa e definir a distribución responsable das tarefas e actividades, para acadar os obxectivos do Centro.

A presente Programación Xeral Anual para o curso 2020/21 foi aprobada polo Claustro o día 25 de setembro e polo Consello Escolar o 8 de outubro de 2020.



# ÍNDICE

<b>1. CARACTERÍSTICAS MÁIS RELEVANTES DO CENTRO</b>	<b>3</b>
<b>2. RESULTADOS ACADÉMICOS</b>	<b>8</b>
<b>3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO</b>	<b>11</b>
<b>4. HORARIO XERAL DO INSTITUTO</b>	<b>21</b>
<b>5. CALENDARIO ESCOLAR</b>	<b>23</b>
<b>6. ORZAMENTO DO CENTRO</b>	<b>24</b>
<b>7. PLANS ANUAIS DE LECTURA</b>	<b>25</b>
<b>8. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC</b>	<b>26</b>
<b>9. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA</b>	<b>29</b>
<b>10. PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</b>	<b>31</b>
<b>11. AS NORMAS DO CENTRO E O PLAN DE CONVIVENCIA</b>	<b>35</b>
<b>12. PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NO CENTRO</b>	<b>41</b>
<b>13. PLAN PROXECTA</b>	<b>43</b>




# 1. CARACTERÍSTICAS MÁIS RELEVANTES DO CENTRO

## 1.1. CONTEXTO SOCIO-CULTURAL E EVOLUCIÓN DO CENTRO

O IES Rosalía de Castro naceu en 1939 como Instituto de Bacharelato feminino. A súa sede é un edificio histórico: o Colexio de San Clemente de Pasantes, fundado precisamente polo arcebispo homónimo, Juan de San Clemente, no ano 1601, que, desexoso de seguir os pasos do arcebispo Fonseca, doou 30.000 ducados para que, segundo manda o Concilio de Trento, “se faga un seminario onde se críen e estuden mancebos estudantes”. Converteuse en instituto mixto no ano 1985. Está situado no casco vello da cidade, concretamente na Rúa San Clemente, preto da Porta Faxeira e ó lado do paseo da Ferradura da Alameda. O edificio segue o modelo das construcións de comunidades relixiosas: pranta cadrada cun claustro no seu interior. Nese edificio están ubicados os servizos administrativos e os demais espazos adicados para a ensinanza do alumnado: aulas, laboratorios e biblioteca. Desde o ano 1993 o instituto conta con dúas novas instalacións situadas na parte posterior do centro: Un polideportivo e un auditorio, ámbolos dous proxectados polo arquitecto alemán Paul Kleihues. O polideportivo é un edificio moderno, de forma rectangular, con ventanais nos lados máis longos orientados cara ó leste e oeste. No seu interior encóntranse unha cancha coas dimensións do campo de baloncesto, con bancadas a ámbolos lados, e debaixo delas vestiarios masculinos e femininos no lateral oriental, e ximnasio e dependencias para o profesorado e adestradores no lateral oposto. O auditorio está soterrado entre a parte de atrás do instituto e un lateral do polideportivo, ó que se accede por unhas escaleiras interiores do centro ou por dúas escaleiras que saen ó patio exterior. A súa capacidade é de 370 persoas.

### Colexio San Clemente de Pasantes

O Colexio San Clemente de Pasantes recibe este nome porque foi creado para ensinar Teoloxía a persoas que xa terminaran a carreira e eran doutores.



A fachada do edificio ten elementos decorativos innovadores do barroco galego de inicios do século XVII. Inspirada na de Fonseca, ten coma ela dúas ordes de columnas pareadas que se apoian en pedestais e separadas por unha cornixa, así como unha arquitrabe, na que os triglifos se substitúen por ménsulas trístriadas. O conxunto está rematado por un frontón triangular e obeliscos que se estenden regularmente ó longo da fachada.

O edificio ten hoxe continuidade co uso educativo dos seus inicios

O Colexio de San Clemente deixou de funcionar como Colexio Maior de estudantes universitarios a principios do século XIX. Desde entón tivo moitos outros usos: desde Seminario Conciliar, ata Escola de Veterinaria ou Facultade de Dereito, e despois sede da Sociedade Económica de Amigos del País, da Escola de Artes e Oficios, do Seminario de Estudos Galegos e, a partir de 1941, do Instituto Rosalía de Castro.



Arredor do pavillón hai un patio enorme de cemento. Xunto ó lateral norte sitúase un campo de deportes; no lateral sur, unha cancha de baloncesto; no leste, un aparcadoiro de coches para o profesorado, e no oeste, unha franxa de formigón e mais unha zona axardinada.

O instituto comezou a impartir Ensinanza de Nocturno, para mulleres, no ano 1956; e Bacharelato a Distancia (INBAD) no ano 1975, posteriormente convertido en Bacharelato Galego a Distancia (INGABAD) en 1982. O Bacharelato Internacional bota a andar no ano 1989. A ESO comeza a impartirse en 1997 e o novo Bacharelato de 2 anos en 2001. Neste mesmo ano incorpóranse as Ensinanzas de Adultos: ESA e Bacharelato. Desde o curso 1997-98 o centro conta tamén con ensinanzas de Formación Profesional: 2 Ciclos Superiores da familia de Hostalaría e Turismo (Axencia de Viaxes, a partir de 2010 Axencias de Viaxes e Xestión de Eventos; e Información e Comercialización Turísticas, dende o 2010 Guía, Información e Asistencia Turísticas) e 1 da familia de Actividades Físicas e Deportivas (Animación de Actividade Físico e Deportivas, e en 2018 Ensinanza de Animación Sociodeportiva). De 2002 ata o 2015 tivemos tamén outro Ciclo da familia de Hostalaría e Turismo: Animación Turística. Desde o curso 2015-16 contamos co ciclo de Animación Sociocultural e Turística, da familia Servizos socioculturais e á comunidade. Desde o ano 2011 o centro forma parte da rede de Institutos Plurilingües, ademais de contar cunha Sección Bilingüe no Ciclo de Turismo desde 2014.

Desde o curso 2011-12 somos centro Abalar.

Este curso 2018-19 comezamos co Bacharelato de Excelencia en Ciencias e Tecnoloxía: o bacharelato STEM.

No Instituto cursan estudos 1065 estudantes, distribuídos 444 na ESO, 320 en bacharelato ordinario e o resto nas ensinanzas de adultos e nos Ciclos Superiores. O alumnado da ESO procede maioritariamente do centro adscrito, o CEIP Pío XII. Tres dos catro grupos de 1º de ESO veñen directamente do devandito colexio e o cuarto grupo ten a súa orixe nos diferentes colexios públicos e privados da cidade. A metade do alumnado de bacharelato ordinario procede dos centros privados da contorna, sobre todo do CPR Plurilingüe Nuestra Señora de los Remedios e CPR Plurilingüe San José de Cluny. O centro conta con tres perfís de alumnado de acordo coas tres modalidades de ensino que oferta:



- a) Alumando de ESO e Bacharelato ordinario, que provén de familias de nivel socio económico e cultural medio ou medio-alto, na súa grande maioría con estudos superiores, moi preocupadas pola formación educativa dos seus fillos e que teñen unhas altas expectativas académicas para eles.
- b) O alumnado de Adultos (ESA e Bacharelato) son traballadores ou estudantes que retoman de novo os estudos e que buscan obter un título para acceder á Formación Profesional ou á Universidade.
- c) O alumnado dos Ciclos Formativos (das ramas de hostalaría e turismo, servizos socioculturais e actividades físicas e deportivas) son estudantes —nalgúns casos con estudos universitarios— que buscan unha boa formación técnica que lles dea acceso rápido ó mundo laboral.

No centro aténdese á diversidade do alumando, segundo as súas diferentes capacidades e diferentes ritmos de aprendizaxe a través de programas que buscan a integración, a compensación educativa, a mellora no dominio lingüístico ou a excelencia.

A importancia que o noso instituto concede á aprendizaxe de linguas estranxeiras vese reflectida nos diferentes proxectos e intercambios internacionais con Francia, Alemaña, Rusia, Reino Unido, EEUU e Australia. Estas actividades promoven relacións académicas e sociais nas que o dominio dunha ou máis linguas resulta esencial.

Os estudantes de 1º e 2º da ESO contan con ordenadores da Aula Abalar. Ademais, o instituto dispón de tres aulas de informática e un carro con 11 portátiles. Todo o alumnado ten conta para acceso á Aula Virtual de Moodle da Xunta e conta en Classroom a través dun servidor de Google contratado polo centro. Tódalas aulas dispoñen de pizarra dixital (só 4 con canón) e ordenador (de 4Gb de memoria e 2,8Ghz de procesador) co sistema operativo Abalar Libre e pantalla plana.

Os pais e nais de alumnos e alumnas están organizados na ANPA do Rosalía, sen dúbida unha das mais numerosas e activas do ensino secundario galego. Sempre colaborou activamente co instituto. Organiza actividades extraescolares e unha exitosa Feira das Profesións.

Cómpre dotar ó centro dun ascensor. Cremos que se debe buscar unha solución acorde co valor patrimonial do edificio e que a construción nos permita acceder ó Auditorio.



## 1.2 ALUMNADO

No actual curso 2020-21 hai 1.024 estudantes, que cursan ensinanzas de ESO, Bacharelatos, Bacharelato Internacional, Ciclos Superiores de Formación Profesional Específica das familias de Hostalaría e Turismo, Actividades físico e deportivas e Servizos socioculturais e á comunidade e Educación de Adultos nas modalidades de educación secundaria (ESA) e bacharelato.

O alumnado está distribuído da seguinte forma:

N I V E L  E D U C A T I V O	MODALIDADE		Curso	Nº de grupos	Nº de estudantes
	<b>E.S.O.</b>		1º	7	104
			2º	6	105
			3º	7	105
			4º	8	103
	<b>BACHARELATO</b>	CC.. Sociais e Humanidades	1º	4	52
			2º	4	58
		Ciencias e Tecnoloxía	1º	6	80
			2º	6	95
		Internacional	1º	1	26
2º			1	19	
<b>CICLOS FORMATIVOS GRAO SUPERIOR</b>	Axencias de Viaxes e Xestión de Eventos	1º e 2º	2	32	
	Guía, Información e Asistencia Turísticas	1º e 2º	2	53	
	Animación Sociocultural e Turística	1º e 2º	2	58	
	Ensinanza e Animac. sociodeportiva	1º e 2ª	2	64	

EDUCACIÓN DE ADULTOS	NIVEL EDUCATIVO	MODALIDADE	Nº de grupos	Nº de estudantes
	<i>Educación Secundaria de Adultos</i>	<i>Presencial</i>	1	5
	<i>Bacharelato de Adultos</i>	<i>CC.Sociais e Humanidades</i>	2 (1º e 2º)	24
<i>Ciencias e Tecnoloxía</i>		2º	8	



### 1.3. PROFESORADO

O claustro de profesores/as está actualmente composto por 136 membros, dos que 1 ten xornada reducida. Incorporáronse un total de 49 profesores novos. Contamos coa colaboración de 3 auxiliares de conversa na modalidade de centro plurilingüe.

### 1.4. PERSOAL NON DOCENTE

Actualmente o centro dispón de 4 administrativas, 5 conserxes, tres de horario de mañá e 2 de tarde, e 5 limpadoras, unha de horario de mañá que cobre o polideportivo, e 4 de tarde. O servizo de cafetería faise por concurso público.

O persoal non docente constitúe un colectivo moi importante para o instituto, pois eles son os que proxectan a primeira imaxe do centro. A xestión administrativa, a limpeza e a información e atención ó público son aspectos necesarios na organización dun centro e fundamentais para facilitar a convivencia. Por iso cómpre apoiar o traballo dos que realizan estas tarefas e ter en conta a súa opinión, experiencia e coñecemento para que se impliquen na súa organización e funcionamento.

### 1.5. EQUIPO DIRECTIVO

O equipo directivo está composto de seis membros:

Director :	Xavier Mouriño Cagide
Vicedirector:	Javier Turnes
Secretaria:	Gemma Paredes Suárez
Xefa de Estudos:	María Fontal Vázquez
Xefe de Estudos Adultos:	Xesús Quintela Miramontes
Coordinadora FCT:	Esther Buide

Coordinadora do Bacharelato Internacional e Coordinadora PFPP: Arantxa Fuentes.

Coordinador Abalar: Jorge Gómez.

Coordinador do Equipo de Dinamización Lingüística: José Manuel Arca.





## 2. RESULTADOS ACADÉMICOS

A actividade lectiva deste curso viuse alterada pola COVID-19. Por mor do estado de alarma declarado no mes de marzo, as clases do 3º trimestre desenvóléronse de forma telamática, agás as clases presenciais coa reapertura dos centros educativos de xeito voluntario para o alumnado de 2º de bacharelato a partir do 25 de maio. Non se avanzou en contidos e as actividades que se realizaron durante os 3 últimos meses foron de recuperación, repaso, reforzo e ampliación no seu caso. As instrucións que recibimos do Ministerio de Educación e posteriormente da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional durante este tempo sempre fixeron referencia a que neste curso a promoción e titulación do alumnado debía ser a norma xeral. No noso centro a avaliación non puido ser máis positiva.

### 2.1. DATOS DE TITULACIÓN E PROMOCIÓN

#### ESO E BACHARELATO ORDINARIO

PROMOCIONARON		TITULARON	
1º ESO	100%	4º ESO	100%
2º ESO	100%	2º BACHARELATO	99,4%
3º ESO	100%	11 MATRÍCULAS DE HONRA 2º BACHARELATO Nota de corte 9,7.	
1º BACHARELATO	99,4%		

#### ESA E BACHARELATO DE ADULTOS

PROMOCIONARON		TITULARON	
1º BACHARELATO	36,36%	ESA	80%
		2º BACHARELATO	67,56%

#### CICLOS FORMATIVOS

NON PROMOCIONARON		NON TITULARON	
1º TAAFD	2	2º TAAFD	1
1º TASOCT	2	2º TASOCT	4
1º AV. XE	1	2º AV. XE	5
1º GIAT	0	2º GIAT	6



### 3.2. ANÁLISE DOS RESULTADOS DAS PROBAS EXTERNAS ABAU

Os resultados deste curso no bacharelato ordinario son moi satisfactorios, tendo en conta a situación excepcional que vivimos por mor do estado de alarma. Na convocatoria de xuño presentáronse ás ABAU 136 estudantes e aprobaron 132: o 97,06% (no curso pasado a porcentaxe foi do 99,24%). A nota media de Selectividade é de 7,49, un pouco máis baixa ca do curso pasado: 7,60. Este descenso débese, entre outras razóns, á suspensión da actividade lectiva presencial no mes de marzo por mor da COVID-19. Na convocatoria de setembro presentouse 1 estudante e aprobou. No Bacharelato de Adultos presentáronse na convocatoria de xuño 12 estudantes e aprobaron 5 (41,66%); na convocatoria extraordinaria non se presentou ningún.

13 estudantes obtiveron o Diploma de Excelencia que outorga a Universidade de Santiago por ter 9 ou máis puntos na fase xeral das probas. O alumno Brais Fernández Rodiño obtivo a 2ª mellor nota de Galicia cun 9,94 na fase xeral.

### 3.3. ANÁLISE DOS RESULTADOS DAS PROBAS EXTERNAS EN INGLÉS E FRANCÉS

Resultados dos exames do Trinity para a obtención dos diplomas regrados, na convocatoria organizada pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para os centros plurilingües. Presentáronse 121 estudantes:

4ª ESO 57		<b>B1</b>	<b>B2</b>	<b>C1</b>
	PASS	19	18	2
	FAIL	6	8	4
		76,00 %	69,23 %	33,33 %

1º BAC 50	PASS	6	13	6
	FAIL	3	16	6
		66,70 %	44,80 %	50,00 %

1º GUÍAS 14	PASS		1	1
	FAIL		3	9
			25,00 %	10,00 %



Os resultados son bos en 4º da ESO, cunha porcentaxe moi alta que obtivo o B1 e o B2; en bacharelato, as cifras no B2 non son as esperadas, pois non se chega ao 50%, aínda que se alcanza esa cifra nas probas para o C1; no Ciclo de Guía, os resultados son moi baixos.

FRANCÉS: Presentáronse 22 estudantes para obter o diploma DELF e aprobaron 21.

ALEMÁN: Aos diplomas regrados presentáronse 12 estudantes , 11 ao B1 e 1 ao B2.

Con estes resultados sentímonos moi satisfeitos como centro plurilingüe: o noso alumnado mostra unha grande motivación para a aprendizaxe e adquisición de competencias en linguas estranxeiras.



### 3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO

Este curso vén marcado polo Plan de Adaptación ao contexto COVID-19, cuxas accións principais son as medidas de prevención, hixiene e protección fronte á pandemia, así como o Plan de Continxencia ante posibles gromos que suporía pasar a un ensino semipresencial. Todas estas medidas supoñen a clausura case total de eventos e de actividades que impliquen aglomeracións masivas de alumnado. Non obstante, non queremos renunciar aos Obxectivos que marcan os nosos sinais de identidade.

Os obxectivos que se presentan nesta Programación Xeral son as guías que nos marcamos neste curso escolar tendo en conta o noso proxecto educativo e as propostas de mellora que se recollen na memoria de fin de curso. Comezamos polos 5 proxectos que dende hai anos se veñen desenvolvendo no centro e que constitúen a esencia da nosa maneira de dar resposta ás demandas educativas que nos esixe o alumnado e as súas familias.

#### 3.1. OS PROXECTOS DO INSTITUTO





## A. PROXECTO CIENTÍFICO

MEDIDAS/ INICIATIVAS	DESTINATARIOS	RESPONSABLES	RECURSOS/ METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN
<b>Club de Ciencia: Proxecto Investiga, Inventa e Innova</b>	ESO	Departamentos de Física e Química, Bioloxía e Xeoloxía e Tecnoloxía	-Programa <b>Club de Ciencia</b> da Consellería. -Concurso de traballos con presentación pública.	Inicio en outubro e defensa dos traballos a final de curso.
<b>Bacharelato STEM</b>	1º Bacharelato 2º Bacharelato	Coordinador: Xefe de Departamento de Física e Química.	-Programa de Excelencia en Ciencias e Tecnoloxía da Consellería. -Charlas de investigadores da universidade. -Investigacións no laboratorio. -Uso das Tics. <b>2º Bacharelato:</b> -Elaboración das investigacións e a súa defensa pública.	Todo o curso.
<b>Espazo Maker</b>	ESO	Departamento de Tecnoloxía	-Deseñar e preparar proxectos nun contexto de aprender facendo. -Exposición dos proxectos.	Todo o curso.
<b>Semana da Ciencia</b>	1º e 2º de bacharelato.	Departamento de Física e Química.	Charlas de profesorado da universidade.	Mes de xaneiro.
<b>Día da nena e da muller na ciencia</b>	Alumnado de 1º de bacharelato	Departamentos de Física, Ciencias, Matemáticas e Tecnoloxía.	-Exposición de cartaces sobre mulleres investigadoras. -Charla con investigadoras que foron alumnas do centro.	11 de febreiro.
<b>Premio Stephen Hawking de xoves investigadores</b>	Alumnado de bacharelato do noso centro e dos institutos Pintor Colmeiro de Silleda, Xelmírez I de Santiago, A Pinguela de Monforte, o colexio Plurilingüe Divina Pastora e Ourense, con invitacións aos 28 centros galegos que imparten o bacharelato STEM.	Coordina o Catedrático de Medicina Legal da Universidade de Santiago Ángel carracedo.	Colabora ABANCA e a universidade. Presentación e defensa dos traballos de investigación.	27 de novembro.
<b>Participación en Concursos: Galiciencia, Robótica, Xoves Investigadores,</b>	ESO E BACHARLATO	Xefes de departamento de Tecnoloxía, Física e Química e Bioloxía e Xeoloxía.	-Apoio do profesorado para preparar os concursos. -Desprazamentos: Galiciencia, Ourense; Robótica, UVIGO; Xoves investigadores, Málaga;	Todo o curso.
<b>Rali Matemático</b>	ESO	Profesorado de matemáticas da ESO.	-Ordenadores para desenvolver as probas. -Desprazamentos: Facultade de Matemáticas USC; competición internacional, Toulouse (Francia).	Abril e Maio
<b>Estalmat</b>	ESO	Profesorado de matemáticas da ESO.	-O profesorado de matemáticas colabora co grupo de Estalmat da Facultade de Matemáticas.	Todo o curso



## B. PROXECTO LINGÜÍSTICO

### Lingua estranxeira inglés

MEDIDAS/ INICIATIVAS	DESTINATARIOS	RESPONSABLES	RECURSOS/ METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN
<b>Materias en inglés.</b>	ESO	Coordinador do Proxecto Lingüístico.	Materias en inglés: Xeografía e Historia en 1º ESO; Xeografía e Historia e Física e Química en 2º da ESO; Bioloxía en 3º; Matemáticas e Xeografía e Historia en 4º.	Todo o curso
<b>Intercambio con Hockerill</b>	3º ESO.	Coordinador Proxecto Lingüístico.	-Inmersión lingüística en familias e asistencia a clase no colexio de Hockerill.	10 días. Alumnado do Rosalía vai no mes de abril 2021; o alumnado de Hockerill vén en outubro de 2021.
<b>Estancias de curso enteiro</b>	Alumnado de ESO e bacharelato	Coordinador Proxecto Lingüístico.	Inmersión lingüística en familias e asiste a un centro todo un curso. De volta, convalida os estudos.	Todo o curso.
<b>Preparación dos diplomas regrados</b>	ESO e Bacharelato	Coordinador Proxecto Lingüístico. Encárgase da preparación a academia de inglés Picadilly.	Clases para a preparación dos diplomas dentro do horario lectivo: mércores, xoves, e venres de 14.10 a 15.00 h. Tamén se organizarán clases na propia Academia Picadilly.	Desde outubro ata maio.
<b>Participación no programa do Parlamento Europeo da Mocidade (European Youth Parliament)</b>	4º ESO e 1º Bacharelato	Vicedirector.	-Preparación dos temas de debate. -Participación nas sesións de debate (en inglés).	Mes de febreiro.

### Lingua estranxeira francés

MEDIDAS/ INICIATIVAS	DESTINATARIOS	RESPONSABLES	RECURSOS/ METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN
<b>Estancia curta en Vannes (Francia)</b>	3º e 4º ESO e 1º de bacharelato	Coordinador Proxecto Lingüístico.	Inmersión lingüística en familias e ademais de asistir á clase realizan excursións.	Unha semana
<b>Preparación dos diplomas regrados</b>	ESO e Bacharelato	Xefa do departamento de Francés.	Prepara o profesorado de francés.	Todo o curso.

### Lingua estranxeira alemán

MEDIDAS/ INICIATIVAS	DESTINATARIOS	RESPONSABLES	RECURSOS/ METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN
<b>Estancia curta en Gelnhausen (Frankfurt, Alemaña)</b>	4º ESO e 1º Bacharelato.	Coordinador Proxecto Lingüístico.	Inmersión lingüística en familia e asistencia ás clases en alemán.	10 días.
<b>Preparación dos diplomas regrados</b>	ESO e Bacharelato.	Xefa do departamento de alemán.	Prepara o profesorado de alemán.	Todo o curso.



## C. PROXECTO HUMANÍSTICO

MEDIDAS/ INICIATIVAS	DESTINATARIOS	RESPONSABLES	RECURSOS/ METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN
<b>XXVI Premio de narrativa San Clemente</b>  <b>A XXV edición do premio estaba prevista para o 31 de marzo e adiouse para o mes de outubro.</b>	-ESO E Bacharelato. -Hai un xurado constituído por alumnado de 2º de bacharelato do centro e de cinco máis de Galicia. Na modalidade de lingua castelá participan estudantes de Vannes, Hockerill, Colexio Rosalía de Moscú, de Frankfurt e Santa Comba de Dão.	Comité do Premio San Clemente.	-Libros das obras seleccionadas.  -Os escritores galardoados visitan o centro e manteñen un coloquio co alumnado, posteriormente cean no Hostal co xurado.	Xuño: entrega ao xurado das 3 obras finalistas en cada modalidade.  Novembro: Resolución do xurado de estudantes. Coñécense as obras gañadoras.  Marzo: Entrega dos premios aos escritores gañadores.
<b>VII Premio de ensaio Bento Spinoza</b>  <b>A VI edición do premio —o ensaio Sapiens. De animais a dioses, de Harari— aínda está sen entregar.</b>	O Xurado está constituído por alumnado do centro e de cinco máis de Galicia.	Comité do Premio Bento Spinoza.	-Ensaio seleccionados.  -O escritor-ensaista gañador mantén un coloquio co alumnado, con posterior cea no Hostal co xurado	Xuño: entrega ao xurado dos ensaios seleccionados.  Outubro: Resolución do xurado. Coñécese o ensaio gañador.  Abril: Entrega do premio ao escritor gañador.
<b>Club de letras</b>	Todo o alumnado	Departamento de Lingua Castelá (Arantxa Fuentes)	-Lectura de obras literarias. -Coloquios.	Todo o curso.
<b>Clubes de lectura</b>	Todo o alumnado	Equipo de coordinación da biblioteca. Departamento de lingua castelá. Departamento de Lingua galega.	-Fondo de libros da biblioteca. -Coloquios.	Todo o curso.
<b>Semana da poesía</b>	Todo o alumnado	Departamento de Lingua castelá.	-Lectura pública de poesía. -Obradoiros de poesía. -Coloquios.	Unha semana no 2º trimestre.
<b>Concurso Antón Fraguas</b>	Todo o alumnado	Departamento de Lingua Galega	-Convocatoria do concurso. -Elaboración dos traballos creativos. -Entrega dos premios en acto público.	Resolución do xurado: Día do libro (23 de abril).
<b>Concurso en lingua castelá</b>	Todo o alumnado	Departamento de Lingua castelá.	-Convocatoria do concurso. -Elaboración dos traballos creativos. -Entrega dos premios en acto público.	Resolución do xurado: na Semana das Letras Galegas.



## D. PROXECTO ARTÍSTICO

MEDIDAS/ INICIATIVAS	DESTINATARIOS	RESPONSABLES	RECURSOS/ METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN
<b>Teatro</b>	ESO e Bacharelato	Profesor de teatro.	-Escenario do Auditorio. -Material audiovisual. -Vestuario.	Comeza en outubro e termina en abril.
<b>Revista Regalía</b>	ESO e Bacharelato	Coordinador do Equipo de Dinamización Lingüística.	-Uso das tics. -Elaboración dos artigos.	Último trimestre do curso.
<b>Orquestra</b>	ESO e Bacharelato	Profesor Mario Diz.	-Escenario do Auditorio para ensaiar. 1 hora semanal.	Desde outubro ata maio.
<b>Exposicións de Plástica</b>	ESO e Bacharelato	Departamento de Plástica e Visual.	Materiais para elaborar e montar as exposicións: -Confinarte: a visión do alumnado sobre o confinamento durante o último trimestre do curso pasado. -25 de novembro contra a violencia de xénero. -8 de marzo: Día Internacional da Muller. -Sobre as Letras Galegas.	Exposición contra a violencia de xénero, o 25 de novembro, e o Día da Muller, o 8 de marzo. Exposición Letras Galegas, para o 17 de maio. A exposición Confinarte está no corredor da Planta alta xunto ás oficinas dende inicios do curso.  <b>As exposicións este curso van ter que ser virtuais. Así o fixemos o curso pasado coa exposición sobre as Letras Galegas:</b> <a href="http://letrasgalegas.iesrosalia.net/">http://letrasgalegas.iesrosalia.net/</a>
<b>Compostela ilustrada</b>	Alumnado Debuxo Artístico de Bacharelato	Departamento de Plástica e Visual.	-Inscrición na actividade. -Participación en obradoiros.	Compostela ilustrada 2021.

## D. PROXECTO DEPORTIVO

MEDIDAS/ INICIATIVAS	DESTINATARIOS	RESPONSABLES	RECURSOS/ METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN
<b>Club de baloncesto</b>	Todo o alumnado.	Xerencia do Club deportivo.	Polideportivo e material para practicar o deporte.	Todo o ano.





## 3.2. NA BUSCA DA EXCELENCIA

### ESO E BACHARELATO ORDINARIO

Pretendemos que o alumnado teña vocación por aprender e ambición por conseguir a excelencia.

MEDIDAS/ INICIATIVAS	DESTINATARIOS	RESPONSABLES	RECURSOS/ METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN
<b>Olimpiadas</b>	Bacharelato.	Vicedirección e Xefes de Departamentos.	O profesorado que prepara o alumnado usa unha aula ou os laboratorios.	Desde outubro ata a celebración das Olimpiadas.
<b>Premios extraordinarios de ESO e Bacharelato</b>	4º ESO e 2º Bacharelato.	Vicedirección e Xefes de Departamento.	Viaxes. O Vicedirector acompaña o alumnado á sede onde se celebran as probas.	4º ESO en setembro. Bacharelato en xuño.
<b>Contrato Programa na modalidade de excelencia</b>	2º Bacharelato	Xefa de Estudos	O alumnado de bacharelato ten clase pola tarde e por ese motivos este curso haberá clases presenciais e clases telemáticas. Materias: filosofía, historia, xeografía, matemáticas, bioloxía, física e química.	Dende outubro ata maio.

### CICLOS FORMATIVOS

Pretendemos que o alumnado dos Ciclos Formativos se titule cunha excelente preparación para incorporarse ó mundo laboral.

MEDIDAS/ INICIATIVAS	DESTINATARIOS	RESPONSABLES	RECURSOS/ METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN
<b>FPplurilingüe</b>	Ciclo de Guías.	Esther Buide.	- Impártese en inglés o módulo Destinos turísticos. -Materia extracurricular impartida en inglés.	Todo o curso.
<b>Programas europeos: ERASMUS</b>	Todos os ciclos.	Coordinadora de ciclos.	A Unión Europa aporta subvencións para o alumnado.	Prácticas en centros de traballo nos países da Unión Europea.
<b>Elaborar programas sobre a cidade en colaboración co concello</b>	Todos os ciclos.	Coordinadora de ciclos.	Visitar a cidade e descubrir que pode aportar o alumnado dende o seu ciclo.	Todo o ano.



### 3.3. APRENDIZAXE POR SOLIDARIEDADE

Pretendemos que o alumnado mostre respecto, empatía e sensibilidade e a mellor forma de aprendelo e axudando aos demais.

MEDIDAS/ INICIATIVAS	DESTINATARIOS	RESPONSABLES	RECURSOS/ METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN
<b>Colaboración con ONGs</b>	3º e 4º de ESO e Bacharelato.	Vicedirector.	O alumnado debe dispoñer de horas para colaborar. Ás veces adican o recreo para estas actividades.	Todo o curso.
<b>Gala Solidaria</b>	ESO e Bacharelato. Organiza alumnado de 1º BI, dentro da súa materia CAS (Creatividade, Actividade, Servizo).	Coordinadoira Bacharelato Internacional.	Orquestra e Coro do instituto. Colaboran o Conservatorio e a Escola Municipal de Música.	Maio.

### 3.4. APRENDIZAXE POR SITUACIÓNS REAIS

#### CICLOS FORMATIVOS

Pretendemos que o alumnado aprenda facendo a partir de situacións reais.

MEDIDAS/ INICIATIVAS	DESTINATARIOS	RESPONSABLES	RECURSOS/ METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN
<b>Colaboración con noso IES con visitas guiadas á cidade para o alumnado de intercambios. Colaboración con outros centros educativos para visitas guiadas pola cidade.</b>	CS de GIAT.	Profesorado do módulo de Procesos de asistencia e guía de ruta.	O alumnado fai visitas guiadas en lingua española ou estranxeira ao alumnado en intercambio do noso centro educativo e alumnado doutros centros educativos.	Todo o curso.
<b>O alumnado colabora coa Consellería de Educación, Universidade e FP na organización de eventos por parte desta Consellería. Colaboración con OPC's.</b>	CS de A.V. e X.E.	Profesorado do módulo de Xestión de produtos turísticos.	O alumnado encárgase de organizar e facer o apoio en sala durante a celebración dos eventos.	Todo o curso.



### 3.5. REDUCIR O ABSENTISMO E MELLORAR OS RESULTADOS

#### ESA E BACHARELATO DE ADULTOS

Pretendemos que o alumnado de Adultos se conciencie da enorme utilidade que ten para eles a titulación que buscan.

MEDIDAS/ INICIATIVAS	DESTINATARIOS	RESPONSABLES	RECURSOS/ METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN
<b>Orientación</b>	ESA e Bacharelato de Adultos.	Xefatura de Estudos de Adultos e Departamento de Orientación.	Charlas co alumnado.	Inicio do curso.
<b>Motivación</b>	ESA e Bacharelato de Adultos.	Titores e Profesorado.	Charlas.	Todo o curso.

### 3.6. ELABORACIÓN DE DOCUMENTACIÓN CONTEXTO COVID-19

Toda esta información está dispoñible nesta páxina web:

<https://sites.google.com/iesrosaliadecastro.org/alumnado>

MEDIDAS/ INICIATIVAS	DESTINATARIOS	RESPONSABLES	RECURSOS/ METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN
<b>Plan de Adaptación ao contexto COVID-19</b>	Todos os membros da comunidade educativa: alumnado, profesorado, persoal non docente e familias.	Equipo directivo.	O Equipo directivo elaborou o Plan de Adaptación seguindo o modelo da Consellería. O documento foi aprobado pola dirección do centro educativo e informouse do seu contido ao Consello Escolar o día 23 de setembro.	Antes do inicio do curso
<b>Plan de Continxencia</b>	Todos os membros da comunidade educativa: alumnado, profesorado, persoal non docente e familias.	Equipo directivo: Secretaria e coordinador TIC.	O Plan de de Continxencia, aprobado pola dirección do centro, establece as medidas que se deben tomar para o ensino a distancia en caso de suspensión da actividade lectiva, así coma os supostos de reactivación da actividade presencial.	Antes do inicio do curso
<b>Plan de hixiene e limpeza</b>	Todos os membros da comunidade educativa: alumnado, profesorado, persoal non docente e familias.	Equipo directivo: Secretaria.	O Plan de limpeza e hixiene elaborou a Secretaria do centro e nel figuran as medidas de hixiene e limpeza dos diferentes espazos: aulas, corredores, aseos, etc., así coma a organización e disposición dos materiais de prevención e hixiene e a distribución das quendas do persoal de limpeza	Antes do inicio do curso.
<b>Plan de formación en competencia dixital</b>	Profesorado e alumnado.	Coordinador TIC. Participaron na formación os profesores: Jorge Gómez, Alberto Sacido e Xaime González.	O Plan recolle accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado e do profesorado para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.	A formación do profesorado desenvolveuse tanto de forma telemática coma presencial. Os cursos en liña realizáronse o 3,4 e 8 de setembro e de xeito presencial os días 10 e 11.



<b>Novas normas de organización e funcionamento do centro</b>	Todos os membros da comunidade educativa: alumnado, profesorado, persoal non docente e familias.	Equipo directivo.	A Adaptación ao contexto COVID-19 obriga a engadir novas normas ás Normas de Organización e Funcionamento do centro . Na grande maioría son normas relativas á prevención, hixiene e protección. O Equipo directivo elaborou Normas Covid Alumnado e Normas Covid Profesorado. Informouse do seu contido ao Consello Escolar o día 23 de setembro.	Antes do inicio do curso.
<b>Plan de Atención emocional</b>	Alumnado e Profesorado	Departamento de Orientación	Este plan recolle o conxunto de actividades para atender aos aspectos emocionais e sociais tanto do alumnado coma do profesorado.	Todo o curso. No Plan de acollida de inicio de curso, o Departamento de Orientación desenvolveu actividades de atención emocional co alumnado de 1º da ESO:

### 3.7. ACTUALIZACIÓN DA DOCUMENTACIÓN OFICIAL

MEDIDAS/ INICIATIVAS	DESTINATARIOS	RESPONSABLES	RECURSOS/ METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN
<b>Actualización do PEC</b>	Todos os membros do centro educativo.	Equipo directivo.	O Equipo directivo elaborará o PEC seguindo as propostas do Claustro. Estableceranse Comisións para elaborar os diferentes plans e proxectos de que consta o apartado de Concreción curricular.	Todo o curso.
<b>Actualización do Plan de Acción tutorial</b>	Todos os membros do centro educativo.	Dep. Orientación. Titores/as.	Encargarase da actualización unha comisión formada polo Departamento de Orientación e tres titores, seguindo as directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica. Presentarase para a súa aprobación a final de curso.	Todo o curso.
<b>Actualización do Plan de Atención á Diversidade</b>	Todos os membros do centro educativo.	Xefatura de Estudos. Dep. Orientación. Coordinadora de Igualdade.	Encargarase da actualización o Dep. de Orientación, a Xefatura de Estudos e a Persoa encargada da Coeducación e Igualdade seguindo as directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica e as achegas dos departamentos pedagóxicos. Presentarase para a súa aprobación a final de curso.	Todo o curso.



### 3.7. DESENVOLVER PROGRAMAS A PROL DA IGUALDADE

MEDIDAS/ INICIATIVAS	DESTINATARIOS	RESPONSABLES	RECURSOS/ METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN
<b>Posta en funcionamento do Plan de Igualdade</b>	Todo o alumnado.	Equipo directivo. Equipo de Igualdade.	Posta en marcha do Plan de Igualdade elaborado o curso pasado.	Todo o curso
<b>Estimular as vocacións científico-tecnolóxicas entre o alumnado feminino</b>	Todo o alumnado	Equipo directivo. Coordinador bacharelato STEM. Coordinador Club de Ciencia.	O equipo directivo e os coordinadores do STEMbac e o Club de Ciencia colaborarán para potenciar o interese das alumnas pola ciencia.	Todo o curso.
<b>Promoción da imaxe das mulleres en distintos ámbitos para que o alumnado dispoña de referentes femininos en todos os eidos da sociedade.</b>	Todo o alumnado	Equipo directivo. Coordinadora do Plan de Igualdade. Departamento de Actividades.	Realización de exposicións sobre a muller na ciencia. Organizaremos actividades nas que ex alumnas do centro veñan contar a súa experiencia profesional.	Todo o curso.
<b>Desenvolvemento de accións de sensibilización para promover a igualdade de xénero na comunidade educativa e no ámbito familiar</b>	Todo o alumnado	Equipo directivo. Coordinadora do Plan de Igualdade. Departamento de Orientación. Departamento de Plástica e Visual.	Deseñaremos un espazo físico nun dos corredores do centro dedicado á igualdade e á coeducación. Colaboraremos nas exposicións de Plástica do 25 de novembro contra a violencia de xénero.	Todo o curso.
<b>Fomento de actitudes de respecto e tolerancia entre os adolescentes que favorezan a inclusión das diversas orientacións sexuais e identidades de xénero</b>	Todo o alumnado	Equipo directivo. Coordinadora do Plan de Igualdade. Departamento de Orientación.	Desde o Plan de Acción titorial estableceranse medidas de actuación para que desde as titorías se fomenta a tolerancia respecto das diversas orientacións sexuais e identidades de xénero	Todo o curso.

### 3.8. RENOVACIÓN DA PÁXINA WEB

MEDIDAS/ INICIATIVAS	DESTINATARIOS	RESPONSABLES	RECURSOS/ METODOLOXÍA	TEMPORALIZACIÓN
<b>Encher de contidos a nova páxina web</b>	Todos os membros da comunidade educativa.	Equipo directivo. Coordinador TIC.	O equipo directivo e o coordinador TIC encherán de contidos a nova páxina web	Primeiro trimestre do curso.



## 4. HORARIO XERAL DO INSTITUTO

Este curso, or mor da distancia de 1,5 m de seguridade de centro de cadeira a centro de cadeira nos postos escolares, vímonos obrigados a desdobrar os grupos da ESO e bacharelato. De xeito que os 28 grupos da ESO están na quenda de mañá: luns e martes de 8.45 a 15.00h e mércores, xoves e venres de 8.45 a 14.10h. Os 2 grupos do Ciclo de Animación sociodeportiva teñen clase na quenda de mañá e a tarde do mércores. Os 21 grupos de bacharelato ordinario teñen clase na quenda de tarde: luns e martes: 16.00 a 22.15h e mércores, xoves e venres de 16.00 a 21.25.00h. Na quenda de tarde tamén están os estudantes de Bacaharelato de Adultos, a ESA e os 6 grupos de Ciclos formativos (Axencias, Guía e Animación Sociocultural).

Por iso o Instituto está aberto de 8:30 a 15:15 en horario de mañá e de 15:45 a 22:30 en horario de tarde, tanto para actividades lectivas como para actividades complementarias e extraescolares. O Polideportivo é unha excepción a esta norma, pois non pecha habitualmente antes das 23.30 h. e tamén está aberto os fins de semana, o mesmo que o auditorio sempre que sexa necesario.

### HORARIO DE VERÁN

No mes de xullo articúlase un horario diferente para atender as actividades que se desenvolven neste período, especialmente as actividades deportivas e o Campamento Urbano que agardamos se volva realizar despois da imposibilidade deste curso. Neste caso o Instituto está aberto de 8:45 h. a 16:00 h. ininterrompidamente.

No mes de agosto o centro abre a atención ó público de 9.00 h. 14.00 h.



## HORARIO LECTIVO DE MAÑÁ

### 3º E 4º ESO

### 1º E 2º DA ESO

CLASE	INICIO	FINAL		CLASE	INICIO	FINAL
1ª clase	8.45	9.35		1ª clase	8.45	9.35
2ª clase	9.35	10.25		2ª clase	9.35	10.25
3ª clase	10.25	11.15		3ª clase	10.25	11.15
recreo	11.15	11.40		4ª clase	11.15	12.05
4ª clase	11.40	12.30		recreo	12.05	12.30
5ª clase	12.30	13.20		5ª clase	12.30	13.20
6º clase	13.20	14.10		6º clase	13.20	14.10
<b>7ª clase*</b>	<b>14.10</b>	<b>15.00</b>		<b>7ª clase</b>	<b>14.10</b>	<b>15.00</b>

\*Ás 15.00h rematan as clases os luns e os martes; os mércores, xoves e venres, ás 14.10h. A sesións destes 3 días adícaranse ás clases de apoio e reforzo nas materias instrumentais.

## HORARIO LECTIVO DE TARDE

### BACHARELATO ORDINARIO

### ADULTOS E CICLOS

CLASE	INICIO	FINAL		CLASE	INICIO	FINAL
1ª clase	16.00	16.50		1ª clase	16.10	16.55
2ª clase	16.50	17.40		2ª clase	16.55	17.40
3ª clase	17.40	18.30		3ª clase	17.40	18.25
recreo	18.30	18.55		4ª clase	18.25	19.10
4ª clase	18.55	19.45		recreo	19.10	19.30
5ª clase	19.45	20.35		5ª clase	19.30	20.15
6º clase	20.35	21.25		6º clase	21.00	21.45
<b>7ª clase*</b>	<b>21.25</b>	<b>22.15</b>		<b>7ª clase</b>	21.45	22.30

\*Ás 22.15h rematan as clases os luns e os martes; os mércores, xoves e venres, ás 21.25h.

Durante os recreos o profesorado de garda vixia os corredores do edificio principal, o claustro e o patio exterior. O alumnado de bacharelato menor de idade con autorización poderá saír do centro na hora do recreo.

As horas de atención ó público de Secretaría son de 9.00 h. a 14.00 h.



## 5. CALENDARIO ESCOLAR

VACACIÓNS DE NADAL	ENTROIDO	SEMANA SANTA
Do 23 de decembro de 2020 ata o día 7 de xaneiro de 2021, ámbolos dous incluídos.	Días 15, 16 e 17 de febreiro de 2021.	Do 29 de marzo ao 5 de abril de 2021, ámbolos dous incluídos.

### DÍAS NON LECTIVOS

Día 12 de outubro: Día da Hispanidade.

Día 7 de decembro de 2020: Día do Ensino.

Día 8 de decembro: Día da Inmaculada Concepción.

Día 13 de maio: Día da Ascensión (Festa local).

Día 17 de maio: Día das Letras Galegas.

O centro elixe o 14 de maio como non lectivo.

## CALENDARIO ESCOLAR 2020/2021

Setembro 2020	Outubro 2020	Novembro 2020	Decembro 2020
L M ME X V S D 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30	L M ME X V S D 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30 31	L M ME X V S D 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30	L M ME X V S D 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30 31
Xaneiro 2021	Febreiro 2021	Marzo 2021	Abril 2021
L M ME X V S D 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30 31	L M ME X V S D 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28	L M ME X V S D 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30 31	L M ME X V S D 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30
Maio 2021	Xuño 2021	<b>INICIO DE CURSO</b> 172 días lectivos <b>FIN DE CURSO</b> 1º trimestre: 66 <b>NON LECTIVO</b> 2º trimestre: 53 7 DECEMRO DÍA DO ENSINO 3º trimestre: 53 13 MAIO ASCENSIÓN	
L M ME X V S D 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30 31	L M ME X V S D 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30		






## 6. ORZAMENTO DO CENTRO

As previsións de gastos para o curso escolar 2019-20 sitúanse dentro dos orzamentos que se envían desde a Xefatura Territorial de Educación, Universidade e Formación Profesional. Precisamente para non crear ningunha desviación nos gastos de funcionamento, axustamos de forma detallada os presupostos asignados pola Xefatura Territorial ás previsións de gastos que se veñen realizando ano tras ano. Evidentemente, ao longo do curso apróbanse proxectos que nos aportan ingresos adicionais aos gastos de funcionamentos. Por exemplo, do Concello de Santiago recibimos unha subvención de 6.208 € para o Bacharelato Internacional.

As previsións que temos de gastos para o curso repártense porcentualmente nos capítulos que se mostran no seguinte gráfico. Este curso temos gastos importantes en hixiene e limpeza por mor da COVID-19. Tódolos días se gastan varios litros de xel hidroalcohólico e botes de desinfectante. Todos eses gastos, que se inclúen no apartado de subministracións, se contabilizan á parte como gastos COVID-19 nunha folla de excell.



GASTOS COVID-19					
DATA	Nº FACTURA	CANTIDADE	CONCEPTO	PROVEEDOR	GASTO



## 7. PLANS ANUAIS DE LECTURA

Existe un Proxecto lector que recolle tódalas iniciativas dos diferentes departamentos e que coordina o dinamizador da biblioteca Juan José Raíces. Ademais, desde hai anos veñen funcionando diferentes Clubs de lectura coordinados polo profesorado, sobre todo dos primeiros cursos da ESO.

Tamén se pretende implementar o Proxecto lector co **Club de letras** (Resolución do 18 de xuño de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa), que ten como obxecto potenciar o emprendemento, o pensamento crítico e creativo na área das Humanidades, as Artes e as Ciencias Sociais. A temática elixida nesta convocatoria sobre a que se fomentará a reflexión, a lectura crítica e a achega a novos materiais é o *coidado* entendido nun sentido amplo desde a comprensión da responsabilidade e da coresponsabilidade na atención das tarefas e dos labores para a atención das necesidades de quen está a padecer unha situación de vulnerabilidade.

O Premio de narrativa San Clemente e Bento de Spinoza ten tamén a finalidade de enganchar ós estudantes coa literatura e o ensaio, ademais de convertelos en xurados nos que a lectura ten tamén unha responsabilidade á hora de decidir a concesión do premio.

O Equipo da Biblioteca Escolar está composto por: Juan José Raíces (dinamizador), profesor de Plástica (Banda Deseñada); Soedade López Campos, profesora de relixión; Rosa López Gato, profesora de Lingua Galega; Maribel Martín, profesora de matemáticas e especialista nas lecturas do Premio San Clemente, e José Manuel Arca, profesor de teatro, como coordinador das actividades teatrais e os espectáculos do club de lectura.

### BLOG DO CLUB DE LECTURA DO IES ROSALÍA DE CASTRO

<https://acrobatasdasletras.wordpress.com/>

### PRÉSTAMO DE LIBROS

Para poder usar a Biblioteca, estableceuse o seguinte protocolo:

- Consultar as existencias en OPAC MEIGA.
- Deixar a petición no Blog Acróbatas das letras.
- Recoller o libro en Vicedirección.
- Os libros, unha vez devoltos, pasarán unha corentena de 24 horas antes de estar dispoñibles de novo.



## 8. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC

Neste curso 2020/21 seguiremos traballando no proxecto deseñado en cursos anteriores sobre o uso das TIC no centro. O noso proxecto continúa facendo fincapé nas mesmas áreas de traballo.

- **Informática e novas tecnoloxías.** Desenvolvemento no campo da informática, fotografía dixital, vídeo, Internet, etc., centrado sobre todo en dous departamentos: Tecnoloxía e Plástica e Visual.
- **Programación.** Todo o alumnado de 2º da ESO recibe clases de programación e está en proxecto crear un concurso de ideas para programar un videoxogo.
- **As novas tecnoloxías como recurso educativo.** Tamén se usan as novas tecnoloxías como ferramentas de aprendizaxe e adquisición de coñecemento, como sucede nos grupos Abalar e nos ciclos formativos ou coa utilización de plataformas como Moodle ou Google course en tódolos grupos da ESO e Bacharelato.
- **Idiomas.** Práctica de diversos idiomas á hora de establecer chats e contactos con alumnado doutros países.
- **Habilidades sociais.** Desenvolvemento da capacidade de traballo en equipo necesaria para coordinar e levar a cabo actividades relacionadas coa construción e elaboración de vídeos, presentacións, etc.
- **Arte.** Traballar e estimular a creatividade á hora de construír vídeos, elaborar fotografías, deseñar proxectos de animación, etc. Na clase de Plástica desenvólven proxectos de animación.

### 8.1. Accións formativas para a mellora da competencia dixital

No ámbito das Novas Tecnoloxías, este curso, por mor da pandemia, non só cómpre elaborar un Plan de Continxencia ante unha posible volta á educación a distancia, senón que ademais, segundo as Instrucións do 30 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso 2020/2021, cómpre establecer *accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.*



Coa finalidade de poder mellorar a competencia dixital do alumnado, desenvolvemos inicialmente cursos para o profesorado a principios de setembro, antes do inicio da actividade lectiva. Iniciamos primeiro no ámbito do profesorado o proceso de actualización e mellora no dominio das ferramentas tecnolóxicas que se empregan na docencia porque o noso plan de Inicio de Curso tiña previsto que fosen os profesores e profesoras, no seu ámbito de docencia, quen se encargasen de mellorar o dominio da competencia dixital do alumnado. Propuxemos ao Claustro que dende os primeiros días de clase se incorporase á actividade lectiva presencial as ferramentas da actividade a distancia. Iso permitiu non só testar o funcionamento das ferramentas dixitais senón tamén detectar deficiencias ou falta de recursos. Toda esa información serviu para que os titores/as completasen un documento coa conectividade e recursos TIC do alumnado. Así mesmo, tamén puxemos a disposición do alumnado un formulario sobre a súa conectividade e recursos na casa:

<https://docs.google.com/forms/d/e/1FAIpQLSeqEy1ppFt3GvdYzf9V7UN3vRmGtOzr1nXyMWoHGGDfA0zMEw/viewform>

Os cursos que realizamos desenvolvéronse de forma telemática, 3,4, e 8 de setembro e de forma presencial os días 10 e 11 do mesmo mes. Os contidos destes cursos foron os seguintes:

#### ■ Ferramentas Google:

- [Lista de reproducción: Habilidades TIC básicas](#)
- [Lista de reproducción: Tutoriales Google Docs](#)
- [Como liberar espacio en Google Drive \[2 min\]](#)
- [Formularios Google Forms \[14 minutos\]](#)
- [Exámenes con Google Forms \[12 minutos\]](#)
- [Cambiar fondo en Google Meet \[5 minutos\]](#)
- [Lista de reproducción Hojas de cálculo](#)



- **Aula virtual con Moodle:** ([vídeo da charla](#))
  - [Acceso material da charla](#)
  - [Manual de moodle 3.3 da Universidade Politécnica de Madrid](#)
- **Aula virtual con Classroom:** ([vídeo da charla](#))
  - [Lista de reproducción: Tutoriales Google Classroom](#)
- **Pizarra dixital con Openboard:** ([vídeo da charla](#))
  - Necesitas un lapis para a pizarra dixital? [Formulario](#)
  - [Manual de OpenBoard](#)
  - [Descargar OpenBoard](#)

Un total de 15 docentes participaron cun curso de formación de 15 horas: Actualización de ferramentas tecnolóxicas para docentes. Este curso desenvolveuse na aula virtual do centro e estivo coordinado pola profesora Johanna

Así mesmo, dende o centro enviamos a todo o profesorado do Claustro información sobre cursos que teñen como finalidade reforzar as competencias dixitais:

- Plan Anual de Formación en centros. Ofértase unha versión titorizada e certificable con contidos específicos para profesorado de infantil, primaria, secundaria, FP, ensinanza de réxime especial, adultos e educación especial. Desenvolverase en Platega ao longo do primeiro trimestre do curso 2020/21 e terá unha duración de 50 horas. Plan de Formación:

[https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/20200715plananualformacionprofesorado20\\_21.pdf](https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/20200715plananualformacionprofesorado20_21.pdf)

- Cursos abertos en Platega. Unha breve “Introdución ao ensino mixto” está dispoñible en formato aberto en Platega, nunha versión xeral que ofrece un achegamento válido para todos os niveis educativos: <https://www.edu.xunta.gal/platega/course/view.php?id=825>



## 9. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

### COMPOSICIÓN DO EQUIPO

O equipo está constituído por 13 membros:

#### Coordinador:

José Manuel Arca Núñez (Departamento de Intervención Sociocomunitaria)

#### Profesorado:

Marivel Freire Freire (Departamento de Lingua e Literatura Galega)

Rosa López Gato (Departamento de Lingua e Literatura Galega)

Xian Otero (Departamento de Matemáticas)

Margarita Romero (Departamento de Lingua e Literatura Galega)

Sira Vidal (Departamento de Lingua e Literatura Galega)

#### Alumnado:

Antía Pardal (3º ESO)

Belén Merino (3º ESO)

Laura Blanco (3º ESO)

Alina Madison (3º ESO)

Nicole Rodríguez (1º Bacharelato)

Candela Álvarez (2º Bacharelato)

#### Persoal non docente:

Xosé Luís Rivas Raposo

### ACTIVIDADES

- ✓ Participación con 2 grupos de teatro na Mostra Intercentros que organiza o Departamento de Educación do Concello Santiago.
- ✓ Edición de fotonovelas de creación e interpretación, que serán distribuídas entre o todo do alumnado. Edición de fotonovelas de promoción cultural en colaboración co departamento de Servizos Socioculturais e á Comunidade.
- ✓ Concurso de dobraxe. A actividade consistirá na creación de vídeos, a partir de secuencias de películas, dobrándoas ao galego con diálogos de creación propia.
- ✓ Concurso de monólogos.



- ✓ Edición da Revista Regalía.
- ✓ Concurso de anuncios publicitarios.
- ✓ Colaboración cos Departamentos do centro en cantos proxectos se leven a cabo, asesorándoos en todo aquilo que fose preciso en relación coa nosa realidade lingüística e cultural.
- ✓ O Premio de narrativa San Clemente é en si un dinamizador e potenciador da lingua: dá a coñecer os escritores galegos e proxéctaos nun espazo común con escritores doutras linguas.



## 10. PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade é un principio estratéxico que adoptou o Claustro e que se concreta nas seguintes medidas.

### a) ELABORACIÓN DOS GRUPOS

A adscrición do alumnado nos distintos grupos do mesmo nivel rexeráse polos seguintes criterios: distribución equitativa do alumnado repetidor e/ou con necesidades específicas, equilibrio de xénero, elección de optativas e promoción da convivencia.

### b) DESDOBRAMENTOS DE GRUPOS.

Continúase cos desdobramentos dunha hora semanal para prácticas de laboratorio e investigación científica.

### c) PROGRAMA DE REFORZO NAS ÁREAS INSTRUMENTAIS BÁSICAS

Seguirase co programa de reforzo en grupos flexibles e reducidos de apoio nas materias de Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas, en horario complementario de tarde. Este programa ofértase ó alumnado de 1º e 2º de ESO que o precise, logo da avaliación inicial, e será impartido polo mesmo profesorado que imparte as devanditas materias.

### d) RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

Desde Xefatura noméanse dous profesores coordinadores dos distintos plans de recuperación das materias pendentes deseñados polos diferentes departamentos.

### e) PROGRAMAS DE ACTUACIÓN CON ALUMNADO DE ALTAS CAPACIDADES

A través dos distintos proxectos de investigación, preparación de olimpíadas, concursos literarios e outras actividades voluntarias por parte do alumnado. Así mesmo deseñaranse intervencións individuais para aqueles alumnos/as que se considere oportuno, en colaboración cos especialistas do equipo específico e da universidade.





#### f) CONTRATO-PROGRAMA

Este curso escolar solicitarase o Contrato-Programa na modalidade de excelencia. Este programa vai dirixido ó alumnado de 2º de bacharelato e ten como finalidade acadar mellores resultados académicos e de formación, tanto nas cualificacións do bacharelato coma no sistema de acceso á universidade. O programa abarca as tres materias comúns: Lingua galega, Lingua castelá e Lingua inglesa, e tamén Historia, Xeografía, Matemáticas, Bioloxía, Física e Química. Todo o alumnado ten a posibilidade de ter unha hora máis á semana nestas materias.

#### g) PROGRAMAS DE CONVIVENCIA, EDUCACIÓN EMOCIONAL E HABILIDADES SOCIAIS

Consiste en facilitar ó alumnado un repertorio de habilidades sociais, cognitivas e de control emocional que poidan usar para mellorar a calidade das súas relacións sociais e para resolver ou prever dificultades nas súas relacións cos demais. Levaranse a cabo por parte dos titores e departamento de orientación, dentro do plan de acción tutorial e de convivencia, e que contan en ocasións coa colaboración de axentes externos como a Dirección Xeral da Xuventude, Concello de Santiago, Asociación Arelas e Policía Nacional.

Están previstos: Coeducación e igualdade de xénero en 4º de ESO, Educación afectivo-sexual en 3º de ESO, Identidade e diversidade sexual en 3º de ESO, Educación para a convivencia en 2º de ESO e Convivencia e uso responsable das redes en 1º de ESO.

## MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Este curso escolar temos previstas a adopción das seguintes medidas extraordinarias:

### A) Apoios por parte do profesorado especialista en pedagogía terapéutica (PT).

Este curso escolar contamos con dous profesores especialistas en Pedagogía Terapéutica, de maneira que poderemos atender un maior número de alumnos/as có curso pasado. Os criterios que seguiremos para atender o alumnado serán os seguintes:

- Atención prioritaria ó alumnado con necesidades educativas especiais, necesidades específicas de aprendizaxe, TDA-H, alumnado repetidor e outras condicións ou situacións de desigualdade sociocultural.



- Apoio dentro da aula a un grupo de 1º de ESO, por ter escolarizado un alumno TEA con grandes necesidades de atención.
- As familias serán informadas e autorizarán esta medida, así como solicitarán e autorizarán a avaliación psicopedagóxica no caso de non existir ou resultar desfasada.

#### B) Exención da segunda lingua estranxeira en 1º e 2º de ESO.

A posibilidade de quedar exentos de cursar a segunda lingua estranxeira nos dous primeiros cursos da ESO aparece recollida para este curso escolar na Resolución do 11 de maio de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2018/19, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da ESO e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Seguirase esta normativa para aqueles alumnos/as que presenten dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, e nesas dúas sesións recibirán reforzo educativo naqueles aspectos nos que se detectasen dificultades. O alumnado exento asistirá nesas sesións a reforzo educativo co profesorado de PT.

#### C) Atención educativa a alumnado con dificultade de asistencia continuada ao centro.

Este curso escolar levaranse a cabo tres programa individualizado de atención educativa para tres estudantes de 4º de ESO con distintas circunstancias e enfermidades que lle impiden unha asistencia continuada ó centro. Así mesmo, solicitarase un programa individualizado e un profesor de apoio domiciliario para un alumno de 1º de Bacharelato.

#### D) Plan de atención emocional

O curso anterior rematou dunha forma excepcional, cun estado de alarma que levou a un confinamento que durou 3 meses e a suspensión das clases presenciais dende o 16 de marzo. Esta situación xerou estados emocionais complexos que deberán ser abordados neste curso. Por iso cómpre elaborar este curso un Plan de atención emocional. Nas Instrucións do 30 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso 2020/2021, inclúese a *Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.*



Tódolos departamentos deberán incluír medidas de atención emocional na súa programación. O Departamento de Orientación será o encargado de elaborar o Plan de atención emocional. Algunhas actuacións, de carácter grupal, xa as realizou dentro do Plan de Acolliada de inicio de curso co alumnado de 1º da ESO. Tamén se informou a todo o profesorado do Calustro das actividades de formación en benestar emocional, con contidos centrados no benestar persoal, a convivencia, a inclusión e as redes de apoio que se inclúen no Plan Anual de Formación en Centros. Enlace ao Plan de Formación:

[https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/20200715plananualformacionprofesorado20\\_21.pdf](https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/20200715plananualformacionprofesorado20_21.pdf)



## 11. AS NORMAS DO CENTRO E O PLAN DE CONVIVENCIA

Como indica o noso PEC, o Instituto debe ser un lugar de convivencia no que tódolos membros da comunidade educativa teñen dereito a ser tratados co debido respecto e así mesmo o deber de tratar ós demais co mesmo respecto. O Instituto é un lugar de traballo para alumnado e profesorado. Os estudantes teñen o dereito a recibir unha formación axeitada e o deber de participar con aplicación e esforzo nas actividades de formación que se desenvolven na súa aula. Podemos afirmar que no centro hai un bo ambiente de traballo e ese ambiente débemolo á colaboración de tódolos membros da comunidade educativa: profesorado, alumnado, persoal non docente e familias. Buscaremos e fomentaremos esa colaboración para que siga habendo un bo ambiente de traballo.

Agora ben, para conseguir este obxectivo debemos ser esixentes desde o primeiro día do curso no respecto das Normas de Convivencia do Centro, que son o marco que regula a convivencia e o funcionamento no instituto. As normas están colocadas en tódolos taboleiros das aulas e o profesorado debe coñecelas e transmitilas desde o primeiro día de clase, insistindo fundamentalmente no significado do centro como espazo de traballo e convivencia, na puntualidade, na limpeza e respecto do edificio e do material escolar e na utilización controlada das novas tecnoloxías. Neste senso recordar que a utilización de teléfonos móbiles e de aparatos multimedia está prohibida en todo o recinto escolar. O incumprimento desta norma suporá sempre a retirada do móbil e o seu depósito na Xefatura de Estudos, ata que un dos proxenitores ou titor legal veña a recollelo persoalmente, no caso dos menores de idade. O alumnado maior de idade poderá recollelo el mesmo ao final da xornada lectiva. Cando se recolla na Xefatura de Estudos, advertiráselles, tanto ao alumnado infractor coma ós proxenitores ou titores legais, de que a reincidencia suporá a suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de UN día lectivo. Está terminantemente prohibido usar o teléfono móbil como cámara fotográfica ou gravadora de imaxes ou sons en todo o recinto escolar. A transgresión desta prohibición será considerada como conduta gravemente prexudicial para a convivencia do centro.

O Consello Escolar, na súa sesión do día 8 de outubro, aprobou por unanimidade que o alumnado de bacharelato menor de idade, con autorización dos proxenitores ou titores legais, poida saír do recinto escolar no período do recreo.



Este curso, por razóns da pandemia, tivemos que elaborar un Plan de Adaptación ao contexto COVID-19 e un Plan de Continxencia. Tendo en conta eses dous plans elaboramos unhas Normas COVID para o alumnado e outras para o profesorado, que recollen tódolos aspectos relacionados coa prevención, hixiene e seguridade no centro, así como as actuacións sobre a competencia dixital e a comunicación coas familias.

Toda a información sobre os Plans e Normas está recollida na páxina web:

<https://sites.google.com/iesrosaliadecastro.org/alumnado>

## NORMAS COVID ALUMNADO

1. Tódolos días, antes da saída da casa, cada alumno/a (coa colaboración da súa familia ou titores/as legais) deberá comprobar se ten algún síntoma compatible coa infección por SARSCoV-2. Para iso utilizará a enquisa clinicoepidemiolóxica que elaborou a Consellería.
2. Diante da aparición de polo menos un dos síntomas que aparece na enquisa, o alumno/a non acudirá ao centro educativo e el/ela, ou a familia no caso dos menores de idade, chamará ao seu centro de saúde de referencia. Así mesmo, comunicarllo ao instituto: teléfono 881856556 ou correo electrónico: [covid19@iesrosaliadecastro.org](mailto:covid19@iesrosaliadecastro.org).
3. O alumnado con calquera sintomaloxía aguda non poderá acceder ao centro.
4. Para a xustificación da ausencia, non será necesario ningún xustificante médico, abondará co comprobante dos/as pais/nais ou titores/as legais.
5. Calquera alumno/a que conviva cunha persoa sospeitosa de padecer a COVID-19 non poderá vir ao centro ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo. A persoa afectada ou a súa familia comunicará o resultado á dirección do centro. Teléfono 881866556; correo electrónico: [covid19@iesrosaliadecastro.org](mailto:covid19@iesrosaliadecastro.org).
6. O uso da máscara é obrigatorio en todo o recinto escolar. O incumprimento desta norma terá a consideración de conduta leve contraria ás normas de convivencia.
7. Cada alumno/a debe traer ao centro unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala en caso necesario, como por exemplo para merendar.
8. A entrada e saída ao centro realizarase de forma ordenada mantendo a distancia de 1,5 m. A entrada será directamente á aula e a saída ao exterior do instituto. Non se poderá quedar no patio nin facer agrupacións no exterior.
9. A saída da aula será ordenada e continua, dun en un, deixando a distancia de seguridade. Agardarán polo profesor á entrada da nova aula en ringleira de un gardando a distancia de seguridade.



10. Se houbera outro grupo na nova aula, agardarase a que saia por completo o grupo anterior antes de entrar. Entrarase gardando a distancia evitando que se formen agrupacións de alumnado durante a espera.
11. Deberase ventilar a aula entre os cambios de clase. O profesorado que sae da aula é o encargado de abrir as ventás.
12. O alumnado que entra, por mor dun cambio de clase, dedicará uns minutos á desinfección da mesa e da cadeira coa dotación de desinfección existente na aula (panos desbotables e solución desinfectante).
13. Nos corredores circularase pola dereita, seguindo as indicacións das frechas, e gardarase a distancia de seguridade de 1,5 metros: nas entradas e saídas, nos cambios de aula e nos tempos de descanso.
14. Hixiene constante de mans. O alumnado debe realizar hixiene de mans con solución hidro alcohólica á entrada e saída do centro e cando cambie de aula.
15. O alumnado non compartirá material de uso propio con ningún dos seus/súas compañeiros/as.
16. No caso de material compartido, deberá desinfectarse previamente. Por iso, se un alumno/a tivese que achegarse ao encerado deberá desinfectar o xiz ou rotulador de pizarra antes de usalo.
17. Nas aulas de ordenadores, ao rematar a clase, cada alumno/a limpará a superficie do teclado, do rato e da pantalla con desinfectante. O alumnado das aulas Abalar usará sempre o mesmo ordenador que recollerá e devolverá desinfectado ao carro. Nas aulas materia, Música, Laboratorio e Debuxo, cada alumno/a, coa colaboración do profesorado, limpará o seu posto de traballo antes de saír da clase.
18. Deberase respectar o límite de aforo dos aseos: 2 para os alumnos e 3 para as alumnas. O profesorado de garda vixiará o cumprimento desa limitación.
19. Cada grupo debe encargarse de hixinizar o material dos laboratorios e da aula de tecnoloxía despois de usalo.
20. O alumnado debe permanecer no seu sitio durante os cambios de clase. Poderá levantarse para realizar pequenos estiramientos ou exercicios posturais que non implique moverse do posto de traballo.
21. Espazo dos recreos. O alumnado menor de idade non pode saír do recinto escolar. Con bo tempo, o claustro do centro será o patio de recreo do alumno de 1º e 3º da ESO; o patio do pavillón, do alumnado de 2º e 4º da ESO. Con chuvia, o alumnado deberá permanecer na clase.
22. O alumnado merendará sempre na clase. Non poderá compartir a merenda.
23. O alumnado prestará moita atención ás seguintes medidas hixiénicas: ao tusir ou esberrar, debe tapar a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotará na papeleira con bolsa negra, ou ben facelo contra a flexura do cóbado. Realizará hixiene de mans frecuentemente, sobre todo despois de tocar secrecións respiratorias (esberrar, tusir,



uso de panos) e/ou obxectos con posibilidade de estar contaminados, así como antes e despois de comer ou usar os aseos.

24. Non se poderá acceder aos vestiarios, polo que os días que se imparta Educación Física débese vir vestido coa roupa de deporte.
25. Cando un alumno ou alumna se atope mal no recinto escolar debe comunicarllo ao profesorado ou a calquera membro do equipo directivo.
26. Establécense 2 accesos de entrada ao centro: pola porta principal e pola porta traseira (patio do pavillón). Cada grupo ten asignada a mesma porta de entrada e saída. A entrada de mañá é a partir das 8.30 ata as 8.45 e pola tarde de 15.45 a 16.00. As saídas pola mañá serán escalonadas: os luns e martes comezarán ás 14.55h e os mércores, xoves e venres ás 14.05h. Pola tarde: luns e martes saen ás 10.15 e mércores, xoves e venres ás 21.25.

### ACCESOS



### QUENDA DE MAÑÁ

#### ACCESO PORTA PRINCIPAL:

1º A, 1º E  
2º A  
TODO 3º ESO e 4º ESO

#### ACCESO PORTA TRASEIRA:

1º B, 1º C, 1º D, 1º F, 1º G  
2º B, 2º C, 2º D, 2º E, 2º H

### QUENDA DE TARDE

#### ACCESO PORTA PRINCIPAL:

1º BAC A, 1º BAC B, 1º BAC C, 1º BAC D,  
1º BAC I  
1º BAC BI CIENCIAS

2º BAC C, 2º BAC D  
2 BI CIENCIAS E HUMANIDADES

#### ACCESO PORTA TRASEIRA:

1º BAC E, 1º BAC F, 1º BAC G, 1º BAC H  
1º BI HUMANIDADES  
2º BAC A, 2º BAC B, 2º BAC E, 2º BAC F, 2º BAC G,  
2º BAC H

## NORMAS COVID PROFESORADO

1. Tódolos días, antes da saída da casa, cada profesor/a deberá comprobar se ten algún sintoma compatible coa infección por SARSCoV-2. Para iso utilizará a enquisa clinicoepidemiolóxica que se describe no ANEXO I.
2. O profesorado, ante a aparición de sintomatoloxía compatible (polo menos unha das relacionadas no anexo I), non acudirá ao centro educativo, comunicarllo ao coordinador do equipo COVID (Teléfono 881866556 ou correo electrónico [covid19@iesrosaliadecastro.org](mailto:covid19@iesrosaliadecastro.org)), e contactará inmediatamente co seu centro de saúde. Como criterio xeral, manterase en illamento preventivo domiciliario, poñéndose en contacto co seu centro de saúde ou de ser o caso cos facultativos da mutua. Serán estes facultativos os que valorarán a sintomatoloxía e



prescribirán a realización dun test diagnóstico ou proba PCR en 24 horas, se así o consideran manténdose o illamento ata coñecer o resultado da proba.

3. Calquera profesor/a que conviva cunha persoa sospeitosa de padecer a COVID-19 non poderá vir ao centro ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo. A persoa afectada comunicará o resultado á dirección do centro. Teléfono 881866556 ou correo electrónico: covid19@iesrosaliadecastro.org.
4. O profesorado deberá usar a máscara en todo o recinto escolar.
5. O profesorado gardará a distancia de seguridade de 1,5 metros co demais persoal e alumnado, tanto nos períodos de actividade como na entrada e saída ao posto escolar, así como nos tempos de descanso.
6. As ventás, portas, persianas, contras, dispositivos de funcionamento da iluminación, os proxectores, e restantes ferramentas pedagóxicas serán unicamente usadas polo profesorado, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.
7. Ventilación das aulas. Ao remate da clase, cada profesor/a deberá abrir as ventás da aula para a súa ventilación e asinar na folla de control que está no taboleiro das aulas.
8. Limpeza dos postos escolares. É fundamental a colaboración do alumnado e profesorado na limpeza dos pupitres e cadeiras.

**Cambios de clase.** Naqueles casos en que o alumnado se despraza a outra aula, antes de entrar, débense desinfectar os pupitres e cadeiras coa colaboración do profesorado. Cada alumno/a colle papel desbotable, o profesorado bota desinfectante nese papel e despois procédese a limpar os postos de traballo. **Nas aulas materia**, TIC, Música, Laboratorio e Debuxo, cada alumno/a, coa colaboración do profesorado, limpará o seu posto de traballo antes de saír da clase. O alumnado das **aulas Abalar** usará sempre o mesmo ordenador que recollerá e devolverá desinfectado ao carro

9. Merendas. Coa finalidade de garantir unhas medidas hixiénicas estrictas, o alumnado da ESO pode tomar a súa merenda na aula. O profesorado debe organizar a toma da merenda na clase previa ao recreo, vixiando que se cumpran as medidas de hixiene e seguridade.
10. Entradas. O alumnado ten un cuarto de hora para acceder ao centro de forma escalonada e ir directamente para a súa aula. Na quenda de mañá entrará a partir das 8.30 e na de tarde dende as 15.45. O profesorado das primeiras clases da mañá e da tarde ten que estar na súa aula ás 8.30 e ás 15.45 para poder controlar ao alumnado.
11. Saídas. A saída do alumnado da quenda mañá será escalonada (luns e martes a partir das 14.55 e os outros días a partir das 14.05). O profesorado deberá seguir o procedemento de saída do seu grupo segundo o que está marcado no taboleiro





da aula. Deberá saír ao corredor e organizar a saída do seu grupo para comprobar que saen con seguridade.

12. Recreos. O profesorado da quenda de mañá deberá acompañar ao seu alumnado ao espazo de recreo que lle corresponde: 1º e 3º ESO ao Claustro e 2º e 4º ao patio do pavillón. Nos días de chuvia o alumnado quedará na aula.
13. Ordenadores para uso do profesorado. Cada profesor/a deberá desinfectar os ordenadores do Salón de claustros despois do seu uso.
14. Nas reunións de tutoría e nas comunicacións por outros motivos coas familias priorizarase a comunicación por teléfono ou videochamada..
15. Se fose necesario ter unha tutoría presencial, deberá convocarse en horario que non coincida con recreos, avisando á familia da hora e lugar e das normas hixiénicas e de prevención establecidas no centro. En caso de querer revisar algún documento, a familia deberá indicalo antes para facer copia e non manipular o mesmo papel. Se fixese falla, enviarselle a copia por correo.
16. O profesorado de garda debe colaborar no control de entradas e saídas e na vixilancia dos recreos.
17. Limitarase ao máximo posible o emprego de documentos en papel e a súa circulación. Primarase o uso das ferramentas virtuais para a entrega de material ao alumnado. As fotocopias deberán facerse con antelación e deixalas en corentena 24 horas. Engregaranse ao alumnado usando unha caixa.
18. As reunións dos órganos colexiados e dos órganos de coordinación realizaranse preferiblemente de xeito telemático.
19. Durante a primeira semana de clase, o profesorado desenvolverá a actividade lectiva presencial con actividades virtuais non só para que o alumnado coñeza e se familiarice coas ferramentas da educación a distancia senón tamén para poder detectar deficiencias técnicas ou de conexión.
20. O profesorado titor deberá elaborar un listaxe co alumnado que manifesta dificultades para seguir as clases virtuais. En calquera caso, enviaremos un formulario ás familias sobre ese aspecto.
21. O profesorado titor debe recoller na primeira semana a Declaración responsable asinada polas familias. O documento da Declaración está colgado na páxina web para que as familias o descarguen.
22. Os tutores/as, dentro do Programa de Acolida, facilitarán ao alumnado a inscrición na aula virtual e darán a coñecer as ferramentas dixitais que se usan no centro para a educación a distancia.
23. Cada titor/a levará un rexistro de ausencias por sintomatoloxía compatible con COVID-19 que entregará semanalmente na Xefatura de Estudos.



## 12. PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NO CENTRO

O noso plan de formación ven a dar continuidade ao iniciado o curso pasado para a posta en marcha do Bacharelato de Excelencia en ciencias e tecnoloxía (STEMbach). Incorporáanse ademais 3 novas liñas de traballo sobre aprendizaxe cooperativa, convivencia escolar e clima de aula, para a elaboración do plan de igualdade, e planificación estratéxica das linguas no centro, para a posta en marcha do programa PluriFP no ciclo superior de Guía.

Título	Liña	Coordinador/a
<b>Metodoloxías STEM</b>	Iniciativas formativas no ámbito STEM (ciencia-tecnoloxía-enxeñaría-matemáticas)	Xian Otero Camaño
<b>Igualdade</b>	Convivencia escolar e clima da aula. Centros saudables. Relacións coas familias.	Sira Vidal Laxe
<b>Ensino inclusivo e aprendizaxe cooperativa</b>	Escola inclusiva e atención á diversidade.	Alejandro Pereira Pérez
<b>Estrela PluriFP</b>	Planificación estratéxica das linguas no centro. Proxecto Lingüístico de Centro (PLC) e Tratamento Integrado das Linguas (TIL).	María Azucena Casal Lueiro
<b>Aprendizaxe por competencias</b>	Deseño e desenvolvemento curricular no marco do modelo competencial.	María Serramito

Os obxectivos que pretendemos son:

1. Coñecer os recursos de colaboración e participación dos centros educativos coas universidades no desenvolvemento de proxectos de investigación.
2. Coordinar o traballo conxunto de investigación entre o centro e as universidades ou equipos de investigación implicados.
3. Coñecer e desenvolver boas prácticas de investigación coparticipadas polo ámbito da educación secundaria e da universidade.



4. Coñecer e fomentar metodoloxías baseadas na indagación para a promoción de novas vocacións científicas e a elaboración de proxectos de investigación.
5. Mellorar as habilidades de comunicación oral e escrita, tanto nas dúas linguas cooficias como na(s) lingua(s) estranxeira(s) presente(s) nos ciclos formativos.
6. Adquirir destrezas de comunicación específicas do sector profesional ou ámbito produtivo no que se estea a formar o alumnado.
7. Dar resposta ás necesidades de formación en competencias lingüísticas expostas polos sectores produtivos, favorecendo deste xeito a inserción laboral.
8. Promover destrezas para a comunicación afectivo-sexual e establecemento dunha lingua para a igualdade (LIC) que elimine expresións sexistas.
9. Diagnosticar as discriminacións por diferenza de xénero e previr a violencia machista mediante prácticas coeducativas que promovan a igualdade.
10. Analizar os materiais didácticos do centro para corrixir estereotipos sexistas ou discriminatorios.
11. Mellorar a atención a diversidade con metodoloxías que permitan ensinar xuntos a alumnos con diferentes capacidades e intereses, como a aprendizaxe cooperativa.
12. Mellorar o clima das aulas e a convivencia escolar atendendo adecuadamente ao alumnado disruptivo, con poucas habilidades sociais ou con problemas de integración.
13. Establecer un sistema de avaliación por competencias na ESO .
14. Adaptar unha ferramenta dixital para facilitar a avaliación por competencias.
15. Difundir o sistema no claustro. - Compartir a ferramenta co claustro.



### 13. PLAN PROXECTA

Este curso imos participar en 3 proxectos. Dous deles forman parte das actividades programadas para o ciclo de Animación Sociocultural e Turística: **Proxecto Terra**, coordinado polo profesor Luis Barreiro, e **Correspondentes xuvenís**, coordinado pola profesora Corina Álvarez. O terceiro proxecto solicitado é **Donas de si**, que coordinará Sira Vidal.